



MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

ANTECEDENTES

O 31 de decembro de 2024 remata a vixencia dos seguintes convenios de colaboración subscritos entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as catro deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES):

- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES, asinado o día 30/12/2022.
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES, asinado o día 29/12/2023.
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial de Ourense, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES, asinado o día 30/12/2021.
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES, asinado o día 29/12/2023.

Co motivo de tratar a renovación destes convenios, o día 23/10/2024 mantívose unha reunión entre os representantes da Xunta de Galicia, das catro deputacións provinciais e da FEGAMP para elaborar unha proposta de convenio de colaboración para o mantemento dos GES existentes en toda Galicia. Nesa reunión





acordouse asinar un novo convenio único para as catro provincias cunha vixencia de tres anos, de xeito que se continúe apoiando o funcionamento dos GES, que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal; do mesmo xeito, ditos grupos participan en labores de prevención de incendios.

As achegas económicas totais entre as partes signatarias acadan o 52,5 % de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5%, das entidades locais (Deputacións provinciais 40 %, concellos 7,5 %).

OBXECTO DO CONVENIO

Está previsto formalizar entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural, as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e a FEGAMP un convenio de colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES durante os anos 2025, 2026 e 2027, que terá por obxecto colaborar no desenvolvemento de 35 GES en toda Galicia e a participación dos mesmos en tarefas de prevención e extinción de incendios forestais.

Estes GES sitúanse estratexicamente en 35 localidades que se corresponden con 35 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación. Cada GES estará composto por 12 efectivos, agás no caso do Grove Quiroga e Folgoso que contan con 6 efectivos.





SEDES E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DOS GES:

PROVINCIA DA CORUÑA	
<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>
Zona de Ortegal e Ferrol	Ortigueira
Zona de Bergantiños	Ponteceso
Zona de Muros e Xallas	Muros
Zona de Ferrol - Eume	Mugardos
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis
Zona do Sar e Caldas	Padrón
Zona Santiago e A Barcala	Brión
Zona Ría de Noia – Servizo Municipal	Noia
PROVINCIA DE LUGO	
Zona de Friol - Palas	Friol
Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova
Zona de Quiroga	Quiroga
Zona de Folgoso	Folgoso
Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso
Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo
PROVINCIA DE OURENSE	
Zona de Avión	Avión
Zona do Ribeiro	Ribadavia
Zona de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O
Zona de Terra de Caldelas e Trives	Castro Caldelas
Zona da Gudiña	Gudiña, A
Zona de Laza	Laza
Zona de Muíños	Muíños
Zona de Lobios	Lobios
Zona do Pereiro de Aguiar	Pereiro de Aguiar, O
Zona do Macizo Central	Maceda
Zona da Veiga-Viana	Veiga, A





Zona Terras de Celanova Servizo Municipal	Mancomunidade
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	
Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade
Zona do Baixo Miño	A Guarda
Zona do Grove	Grove, O
Zona de Deza	Lalín
Zona de Tabeirós e Terra de Montes	A Estrada
Zona Redondela	Redondela
Zona Mos	Mos
Zona Ponteareas Servizo Municipal	Ponteareas
Zona Sanxenxo Servizo Municipal	Sanxenxo

RAZÓNS QUE ACREDITAN O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

En relación co disposto no artigo 40.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese público e polo tanto a concesión directa destas subvencións están acreditadas, posto que a realización do maior número posible de actuacións benefician non só ás administracións asinantes, senón á cidadanía en xeral, pois estas tarefas contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais das emerxencias e dos incendios forestais.

FINANCIAMENTO

Os GES están financiados polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural.
- As Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- As entidades locais que se adhiran a este convenio.

A contribución ao financiamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fixarase en:





- Para o financiamento dos servizos municipais: seiscentos nove mil euros (609.000,00 €) por anualidade financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212.A.460.1.
- Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cincocentos vinte e sete mil seiscentos vinte e cinco euros (527.625,00€) por anualidade, con cargo á aplicación orzamentaria 05 .04.141.A.461.1.

A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en un catro millóns catrocenos noventa e un mil trescentos setenta e cinco euros (4.491.375,00 €) para cada anualidade, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

Os beneficiarios destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES segundo o reparto do Anexo II do convenio.

En consecuencia, a contribución anual da Xunta de Galicia ao financiamento deste convenio en materia de emerxencias, prevención e extinción é cinco millóns seiscentos vinte e oito mil euros (5.628.000,00 €).

A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde segundo o anexo II do convenio e ascende a un total de oitocentos catro mil euros (804.000,00 €) por ano.

A contribución ao financiamento das Deputacións Provinciais por anualidade é o seguinte: un millón vinte catro mil euros (1.024.000,00 €) da Deputación da Coruña, seiscentos corenta mil euros (640.000,00 €) da Deputación de Lugo, un millón cincocentos trinta e seis mil euros (1.536.000,00 €) da Deputación de Ourense e un millón oitenta e oito mil euros (1.088.000,00 €) da Deputación de Pontevedra.





DISTRIBUCIÓN ANUAL (€) DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	Deputacións Provinciais	Concellos	Subtotal EELL	DXDM	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal SSMM	464.000,00	87.000,00	551.000,00		609.000,00		609.000,00	1.160.000,00
Gastos correntes en bens e servizos SSMM	48.000,00	9.000,00	57.000,00			63.000,00	63.000,00	120.000,00
Gastos de persoal GES	3.422.000,00	641.625,00	4.063.625,00	4.491.375,00			4.491.375,00	8.555.000,00
Gastos correntes en bens e servizos GES	354.000,00	66.375,00	420.375,00			464.625,00	464.625,00	885.000,00
Total	4.288.000,00	804.000,00	5.092.000,00	4.491.375,00	609.000,00	527.625,00	5.628.000,00	10.720.000,00

En canto á distribución de gastos, referidos á contribución da Xunta de Galicia, que se prevé para a execución das distintas actuacións recollidas no convenio durante cada exercicio do convenio é a seguinte:

PREVISIÓN GASTOS POR ANUALIDADE	IMPORTE (€)
Colaboración e apoio en situacións de risco para persoas, bens ou medio ambiente	1.407.000,00
Intervención en situacións derivadas de riscos naturais varios	1.407.000,00
Intervencións en situacións derivadas de riscos de orixe antrópico	1.407.000,00
Actuación en labores de prevención e extinción de incendios forestais	844.200,00
Outros vinculados a unha situación de emerxencia ou prevención da mesma	562.800,00
TOTAL ANUALIDADE	5.628.000,00

Este convenio tramitarase e financiarase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas Ordes de 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que a realización deste convenio queda condicionada á efectiva existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025, 2026 e 2027 aprobados polo Consello da Xunta, nas aplicacións orzamentarias nos anteriores parágrafos, do orzamento de gastos da Xunta de Galicia.





FITOS E OBXECTIVOS.

Dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030, no eixe 2 Galicia verde e sostible, prioridade de actuación 2.3 “Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais” están encadrados os obxectivos estratéxicos:

2.3.1. Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

2.3.2. Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención.

Dentro destes obxectivos estratéxicos, a execución do convenio contribuirá a acadar os seguintes indicadores de realización:

- Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco (emprego para labores de prevención).
- Poboación atendida polo sistema de atención de emerxencias.
- Profesionais de intervención antes as urxencias.
- Número de lumes.
- Poboación beneficiada das medidas de prevención de incendios forestais.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Rodríguez Vázquez

